



Asociación Cívico-Cultural
TERRA DE OUTES

Estimadas socias e socios:

As mesmas causas indicadas na outra convocatoria que achegamos (a da asemblea xeral ordinaria) motivaron o adiamento demasiado prolongado da celebración dunha asemblea xeral extraordinaria, requisito necesario para levar a cabo a prescritiva renovación da nosa xunta directiva (que debe facerse cada dous anos, e leva, polo tanto, operando en funcións desde o mes de xaneiro).

Por iso vos convocamos a través deste medio á vindeira **Asemblea Xeral EXTRAORDINARIA** da nosa asociación, que terá lugar o sábado 8 de maio de 2021, despois da Asemblea Xeral Ordinaria, convocada ás 18:00 horas, en primeira convocatoria, e 18:30 horas, en segunda convocatoria. A asemblea terá lugar no novo local social do Cruceiro de Roo (antiga escola), coa seguinte orde do día:

Punto 1º.- Elección da nova Xunta Directiva.

Seguindo o disposto no noso regulamento de réxime interno, anunciamos por este medio que o prazo para presentar candidaturas remata dez días antes da celebración desa asemblea, isto é: **o día límite para a presentación de candidaturas será o 29 de abril.**

Unha semana antes da celebración da asemblea xeral extraordinaria procederemos a proclamar e publicar as candidaturas presentadas.

Queremos lembraros que calquera socia ou socio (con dereito a voto, que estea ao corrente das cotas e que leve máis dun ano na asociación) pode presentarse a calquera cargo directivo, optando a substituír a calquera membro da xunta directiva previa, polo que non é imprescindible que presentedes unha candidatura conxunta pechada cun equipo completo.

Punto 2º.- Modificación dos Estatutos.

Trátase dun mínimo cambio, referente ao novo domicilio social; no **Artigo 2º, onde se di:** “O domicilio social da asociación radicará en: Local social da parroquia de Outes, s/n, concello de Outes, provincia da Coruña, código postal 15239”, deberá figurar o novo enderezo do local social do Cruceiro de Roo.

Desexándoos moita saúde, despídese atentamente

O Secretario
Ramón Blanco Fernández

En Outes, a 8 de abril de 2021